

ADENDA Á PROGRAMACIÓN

En 1º de Bacharelato, a avaliación do 6 de xuño será a avaliación final, a nota desta avaliación obterase como a media aritmética das tres avaliacións anteriores.

Durante o período lectivo de dúas semanas ata a avaliación do 21 de xuño, no caso en que haxa algún alumno coa materia suspensa, realizaranse actividades de repaso de todas as avaliacións. O alumno recuperará a materia se aproba un exame no que se terán en conta os mínimos marcados ó final de cada unha das unidades desta programación. A nota de dito exame será o 100% da nota desta avaliación extraordinaria.

No caso en que non haxa alumnos suspensos na clase, traballarase con actividades de ampliación ou continuarase avanzando materia se non fose posible ter rematado a programación do curso por falta de tempo.

Para os cursos da ESO, a avaliación do 6 de xuño será a terceira avaliación. Despois desta avaliación obterase a nota final do curso facendo a media das notas dos tres trimestres e considerarase aprobado se saca alomenos un 5 despois de facer dita media aritmética tendo ademais que sacar alomenos un 3 en cada unha de elas.

Durante as dúas semanas ata a avaliación final na aula realizaranse actividades de repaso de todos os trimestres do curso.

Chegado a este punto preséntanse dúas vías:

- Se un alumno non aproba o curso despois da terceira avaliación terá oportunidade de aprobar o curso na avaliación do 21 de xuño. Se ten dous ou tres trimestres suspensos terá que realizar un exame global do curso no que se terán en conta os mínimos marcados ó final de cada unha das unidades da programación e que terá unha ponderación do 90%, o 10% restante terá en conta a realización de tarefas encomendadas, esforzo e participación.

No caso de non aprobar o curso por ter un único trimestre suspenso, só terá que recuperar este trimestre. Para recuperalo o alumno terá que realizar un exame no que se terán en conta os contidos mínimos do trimestre marcados ó final de cada unha das unidades da programación, que terá unha ponderación do 90%, o 10% restante terá en conta a realización de tarefas encomendadas, esforzo e participación. Se recupera o trimestre esta nota obtida substituirá á nota do trimestre suspenso e farase novamente a media das notas dos tres trimestres para obter a nota final.

- Se un alumno aproba o curso despois da terceira avaliación, poderá subir ata medio punto a súa cualificación co traballo tanto en casa coma na aula durante estes días e a entrega dunha recompilación de exercicios similares ós do exame que terán que superar os alumnos suspensos.